

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

EXTRACTO da Orde do 14 de xuño de 2023, conxunta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para completar a etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (códigos de procedemento ED481D e IN606C).

BDNS (Identif.): 704696.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdns/index>).

Primeiro. *Beneficiarios*

Poderán ser beneficiarios destas axudas as universidades do SUG, os organismos públicos de investigación de Galicia, as fundacións de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Profesor Novoa Santos, Fundación Biomédica Galicia Sur), e os centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) radicados en Galicia sempre que contraten as persoas seleccionadas a través dun contrato laboral de duración determinada con dedicación a tempo completo, de acordo co marco lexislativo actual, en virtude do cal a persoa seleccionada quedará vinculada á dita entidade.

Poderán acceder a estas axudas os organismos e entidades sinalados no parágrafo anterior que presenten como candidatas persoas co grao de doutor que se atopen, na data de peche da convocatoria, nalgún dos supostos que se indican no artigo 2 da convocatoria.

Segundo. *Obxecto*

O obxecto desta convocatoria é outorgar axudas ás universidades do SUG, aos organismos públicos de investigación de Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria de



Galicia (Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Profesor Novoa Santos, Fundación Biomédica Galicia Sur), e aos centros do CSIC radicados en Galicia que contraten persoas tituladas superiores para completar a etapa de formación posdoutoral.

A finalidade é dar continuidade á súa carreira investigadora, posibilitando un perfeccionamento na súa formación e o establecemento dunha liña de investigación propia que lles permita, nun futuro, consolidar a súa traxectoria a través dun contrato de dous anos de duración e unha axuda complementaria para o establecemento da liña de investigación

Terceiro. *Bases reguladoras*

Publícanse conxuntamente coa convocatoria.

Cuarto. *Contía*

O importe total da convocatoria é de 2.426.500 euros, para os anos 2023, 2024 e 2025.

Convócanse 23 axudas (20 para as universidades do SUG e 3 para o resto de entidades beneficiarias). As axudas inclúen os seguintes conceptos:

1. O financiamento dun contrato posdoutoral dun máximo de 38.000 euros brutos anuais.
2. Unha axuda complementaria, por cada persoa contratada para o establecemento dunha liña propia de investigación, coa seguinte desagregación por anualidades: 5.000 euros para o ano 2023, 10.000 euros para o ano 2024 e 10.000 euros para o ano 2025.
3. Un complemento anual por axuda de 1.000 euros, destinado ás entidades beneficiarias para cubriren os gastos asociados á contratación.
4. En aplicación do artigo 22.1, letra g) da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, á finalización do contrato por expiración do tempo conviado, a persoa traballadora terá dereito a percibir unha indemnización de contía equivalente á prevista para os contratos de duración determinada no artigo 49 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores. Para cubrir o custo da indemnización ao remate do contrato, incluírase unha axuda total de 2.500 euros.



Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación será dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2023

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación
Profesional e Universidades
P.D. (Orde do 29.7.2022)
Manuel Vila López
Secretario xeral técnico da Consellería
de Cultura, Educación, Formación Profesional
e Universidades

Francisco Conde López
Vicepresidente primeiro e conselleiro
de Economía, Industria e Innovación
e presidente da Axencia Galega
de Innovación

